ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE DO CONCELLO

automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Regulamento do servizo de abastecemento de auga potable do Concello de Arbo adoptado en sesión celebrada o día 28.12.15, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no ARTIGO 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

REGULAMENTO DO SERVICIO DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE DO CONCELLO ARBO

CAPITULO I: NORMAS XERAIS

ARTIGO 1.- OBXECTO DO REGULAMENTO

O obxecto do presente regulamento é ordenar as relacións entre Concello de Arbo que é quen presta o servizo de abastecemento de auga potable e os usuarios, dentro do termo municipal, sinalándose os dereitos e obrigas básicas para cada unha das partes.

O servizo público de abastecemento de auga constitúe un servizo esencial, reservado pola lexislación de réxime local a prol das entidades locais, de prestación e recepción obrigatoria,e intégrase polos medios materiais e os persoais que se adscriban en cada momento, que se prestará polo concello mediante calquera das formas de xestión previstas pola lexislación de réxime local.

Dadas as especiais características dos asentamentos de poboación, a prestación efectiva do servizo mediante a extensión da rede pública, vira condicionada polas dispoñibilidades

Denomínase usuario a calquera persoa física ou xurídica que teña contratado o servizo de subministración de auga con este Concello, e faga uso do mesmo para satisfacer necesidades

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

Interprétanse os usos das seguinte maneira:

Usos domésticos en domicilios particulares: Enténdese por tales, tódalas aplicacións que se dan á auga para atender as necesidades da vida e hixiene privada, como son: a bebida, a preparación de alimentos e a limpeza persoal doméstica.

Usos comerciais e industriais: Enténdese por tales, os subministros prestados a calquera clase de comercio ou industria, actividades profesionais e redes

implicitamente outra concesión para os domésticos propios do establecemento ou vivenda en que se exerza a industria ou comercio. O concesionario virá obrigado a

Usos de obras: Enténdese por tales os subministros efectuados aos inmobles onde se realicen obras que teñan a consideración de maiores, permanecendo suxeito á tarifa sinalada en tanto non sexa obtida a correspondente licenza de primeira ocupación, apertura ou cambio de uso e sexa solicitado o referido cambio. O prazo máximo para facer uso da auga de obra é o prazo estipulado na licenza

solicitude e concesión de prórroga para remate da mesma. Unha vez finalizada a

ARTIGO 2.- FORMA DE XESTIÓN E TITULARIDADE DO SERVICIO

O servizo de abastecemento de auga potable é de titularidade municipal. Deste xeito e de conformidade co establecido no art. 85.2.A.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o servizo préstase mediante xestión directa polo propio Concello.

O servizo intégrase dos medios xurídicos, conformados polo presente Regulamento e as

momento sexan adscritos a este, en función do que demande a súa correcta prestación.

ARTIGO 3.- NORMAS XERAIS

O servizo de abastecemento de auga potable axustarase a canto establece o presente Regulamento, e ao estipulado na normativa vixente pola que se regulan as instalacións interiores de subministro de auga e de evacuación de augas nos edificios.

ARTIGO 4.- USUARIO

Os efectos do presente Regulamento, entenderase por USUARIO a calquera persoa física ou xurídica, usuario , titular ou representante do dereito de uso da finca, vivenda, establecemento, obra ou industria, que teña contratado o servizo de abastecemento de auga

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

ARTIGO 5.- ENTIDADE SUBMINISTRADORA

Os efectos deste Regulamento á entidade subministradora é o Concello de Arbo que prestará o servizo de abastecemento de auga potable conforme ao establecido na vixente Regulación do Réxime Local.

ARTIGO 6.- ÁREA DE COBERTURA

A área de cobertura comprende o Concello Arbo.

Por razóns de hixiene e salubridade pública, declárase obrigatorio o uso e recepción do servizo municipal de abastecemento de auga potable no solo urbano e no solo de núcleo rural, sempre que concorran as seguintes circunstancias: que exista a posibilidade técnica para acometer a rede de distribución e que a vivenda este habilitada ou o establecemento, obra ou industria se atopen en funcionamento, non será obrigatorio o subministro en zonas

CAPÍTULO II
OBRIGAS E DEREITOS DO CONCELLO DE ARBO E DOS USUARIOS

ARTIGO 7.- OBRIGAS DO CONCELLO

Con independencia daquelas situacións que sexan obxecto dun tratamento especial neste regulamento, das que poidan derivarse obrigas específicas para a entidade subministradora, esta estará suxeita ó cumprimento das seguintes obrigas:

a) Subministrar ós puntos de toma aos usuarios de auga potable, cos recursos ó seu alcance e no ámbito da súa competencia, con arranxo ás condicións que fixa este regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.
b) Conceder o subministro de auga a todo aquel que o solicite dentro da área de cobertura, nos termos establecidos no presente regulamento e nas condicións técnicas e económicas recollidas nas normas regulamentarias vixentes.
c) Garantir a potabilidade da auga, con arranxo ás disposicións sanitarias vixentes, ata a chave de rexistro, inicio da instalación interior do usuario.
d) Manter e conservar ó seu cargo, as redes e instalacións necesarias para o
e) Manter permanentemente a regularidade do subministro de auga nas condicións de presión e caudal establecidas no contrato e de conformidade coas prescricións deste regulamento. En calquera caso, non lle serán imputables ó Concello as

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

interrupcións no servizo a consecuencia dunha redución de caudais de captación, avarías, reparacións e demais supostos indicados neste Regulamento quedando

f) Garantir o dereito á utilización do servizo por parte de todas as persoas que cumpran os requisitos e condicións que dispón este regulamento e mediante o pagamento das contraprestacións económicas legalmente establecidas.
g) Resolver e contestar as reclamacións e queixas que lle presenten os usuarios e facilitar ó usuario canta información demande e conste no Servizo Municipal, sempre que sexa posible e o permita o servizo e este amparado pola Lei.
h) Aplicar as taxas aprobadas na correspondente ordenanza fiscal.
i)

que se lle aplicarán as tarifas vixentes, para os distintos tipos de subministros

ARTIGO 8.- DEREITOS DO CONCELLO

Sen prexuízo daqueles outros que en relación con situacións específicas poidan derivarse, a entidade subministradora terá os seguintes dereitos:

a) Sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lle confira ós distintos Órganos da Administración, asístelle o dereito de comprobar, inspeccionar e revisar, coas limitacións que se establecen neste regulamento, as instalacións interiores do subministro, podendo impoñer a obriga de acometer medidas correctoras, no caso

b) Cobrar os servizos prestados tales como a cota de conexión e servizo, a auga consumida polo usuario, a tarifa por exceso de consumo establecido na ordenanza ou o mínimo establecido se o consumo non chega ós prezos da tarifa aprobada oficialmente.
c) Dispoñer dunha tarifa de servizo suficiente para autofinanciarse. Cando o anterior equilibrio non poida producirse, terá dereito a unha nova tarifa.
d) Definir, proxectar, e autorizar, calquera tipo de obra que afecte á rede xeral de

ARTIGO 9.- OBRIGAS DO USUARIO

Con independencia daquelas situacións que sexan obxecto dunha regulación especial neste regulamento, das que poidan derivarse obrigas específicas para un usuario este estará suxeito as seguintes obrigas:

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

Pagar puntualmente os cargos que lle presente o Concello pola prestación dos servizos de subministración de auga, ou polos complementarios, cando sexan realizados directamente polo Concello, de conformidade coas tarifas aprobadas segundo a ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa polo abastecemento de auga.

A obrigatoriedade de pagamento esténdese ós casos en que se produzan fugas ou perdas de auga por avarías ou irregularidades na construción ou conservación

o servizo municipal de auga.

Usar a auga corrente obxecto de subministración con suxeición ás normas contidas na lexislación aplicable, neste regulamento e no contrato, e cumprir, se é o caso, as limitacións e prioridades de uso que se dispoñan regulamentariamente.

Respectar as instalacións da infraestrutura do servizo, as redes de distribución e os empalmes que forman parte integrante do dominio público, e non realizar neles ningunha manipulación ou alteración sen a correspondente autorización.

Darlle ó persoal do concello encargado destas tarefas os datos que lle solicite en

Conservar as súas instalacións particulares de xeito que non prexudiquen as redes públicas de subministración nin o funcionamento do servizo, utilizalas correctamente e respectar os precintos que garanten a integridade do contador.

Comunicarlle ó servizo municipal de auga calquera avaría ou irregularidade das instalacións de subministración de auga que poida afectar o funcionamento normal do servizo, nun prazo máximo de 24 horas.

7. Permitirlle ó empregado municipal ou persoal autorizado pola Administración encargado deste cometido o acceso ás instalacións ou locais onde sexa necesario

Solicitarlle ó servizo municipal de auga a autorización para calquera modificación

ou cambio no uso da auga.

9. Se nun mesmo inmoble existe, ó par do servizo público de subministración, auga doutra orixe, o usuario disporá a súa instalación interior de xeito que a súa auga

10. Instalar a súa costa un contador para cada unha das dependencias dun mesmo edificio ou construción, cando se contraten por un mesmo titular distintos usos.

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

ARTIGO 10.- DEREITOS DO USUARIO

Sen prexuízo daqueles outros que en relación con situacións específicas poidan derivarse para o usuario, este terá os seguintes dereitos:

a) Acceder ó servizo en condición de igualdade una vez que reúna as condicións e requisitos sinalados por este regulamento e recibir na súa instalación auga

b) Dispoñer permanente do subministro de auga potable, sen outras limitacións que as establecidas no presente regulamento e demais disposicións aplicables, a non ser por razón de forza maior ou cando concorra calquera dos feitos enumerados no ARTIGO 39 do presente regulamento.

c) Ser informado polo servizo municipal de augas de tódalas cuestións que atinxen a prestación e funcionamento do servizo e recibir contestación por escrito das

d)
controle o subministro, e se lle facturen os servizos que reciba polos conceptos e

fiscal vixente.

e) O usuario poderá elixir libremente o instalador autorizado que lle execute as

prescricións técnicas regulamentariamente esixibles.

f)
ou contra os seus empregados, mediante os procedementos contemplados neste regulamento. Cando a reclamación se refira ó cumprimento das condicións do subministro de auga, o reclamante deberá acreditar a súa condición de titular do subministro, ou representante legal.

g) Consultar tódalas cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo

consultas formuladas por este procedemento. Igualmente, terá dereito, se así o solicita, a que se lle informe da normativa vixente que é de aplicación, así como a que se lle facilite, por parte da entidade subministradora, para a súa lectura na Casa Consistorial, dun exemplar do presente Regulamento.

h) Recibir factura-recibo do prezo de subministración de auga de conformidade coas tarifas legalmente aprobadas.

ARTIGO 11: PROHIBICIÓNS QUE ATINXEN AO USUARIO

Os usuarios non poderán:

a) Utilizar auga, ben sexa con carácter permanente ou con carácter temporal, para outros locais ou vivendas diferentes dos recollidos no contrato.

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

b) Ceder auga de balde ou baixo prezo, ben sexa con carácter permanente ou con carácter temporal, para outros locais ou vivendas, diferentes dos recollidos na licenza de enganche.

c) Realizar calquera manipulación que teña por finalidade que o consumo de auga

d) Utilizar a auga para fins distintos dos que foron obxecto de contrato.

e)

municipal de auga, bombas ou calquera outro aparello que modifique ou afecte as condicións da rede de distribución e que poida interferir no servizo prestado a

f) Causar fugas de auga con carácter intencionado ou por neglixencia

g) Romper os precintos dos contadores ou equipos de medición, ou fedellar neles.

CAPÍTULO III
INSTALACIÓNS DO ABASTECEMENTO DE AUGA

ARTIGO 12.- ELEMENTOS MATERIAS DO SERVICIO

O servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, comprende os seguintes elementos materiais, que constitúen a súa infraestrutura:

1. A rede de alta. Abrangue as obras hidráulicas de captación, elevación, estación de tratamento, depósitos de almacenamento –que poden ser de cabeceira, de cola e reguladores– edificios, dispositivos electromecánicos, encanamentos, conducións mestras e sistemas de regulación e control.

2. A rede de baixa. Abrangue a rede de distribución necesaria para a subministración ós usuarios e está integrada por canos, arquetas, pezas especiais e bocas de rego e incendios.

A rede de distribución primaria é a que está integrada polos canos que enlazan diferentes

A rede de distribución secundaria é a que está integrada polos canos que discorren ó longo dunha vía pública ou de terreo privado –neste caso, trala constitución da correspondente

3. O empalme ou acometida. É o ramal ou derivación que sae da rede de distribución secundaria máis próxima e leva a auga ó pé do inmoble ou á estrema do terreo a onde vai ser

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

ARTIGO 13.- CONEXIÓNS

1. O empalme estará formado por un cano único de características axeitadas ó volume de auga servido e disporá cando menos dunha chave de corte exterior situada nunha caixa na vía pública por diante do inmoble ou terreo, e o máis achegada posible a el.

2. O empalme disporá dos seguintes elementos:

a) O dispositivo de toma, que vai sobre o cano da rede de distribución secundaria e

b) O ramal ou treito de encanamento, que une o dispositivo de toma coa chave de

c) A chave de rexistro, que vai ó final do ramal do empalme, na vía pública e achegada

A chave de rexistro constitúe o límite entre as instalacións públicas do servizo e as interiores do usuario e, xa que logo, precisa ata onde chegan as obrigas respectivas de mantemento e

ARTIGO 14.- INSTALACIÓNS INTERIORES DE ABASTECEMENTO DE AUGA

Entenderase por instalación interior de subministro de auga ó conxunto de tuberías e elementos de control, manobra e seguridade, posteriores á chave de rexistro no sentido da circulación normal do fluxo de auga.

CAPITULO IV: CONEXIÓNS

ARTIGO 15.- SOLICITUDE

A solicitude de conexión ás redes de distribución de auga potable deberanse presentar de maneira independente para cada inmoble que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificación con acceso directo á vía pública e deberá cada unha delas satisfacer por separado as condicións previstas nestes regulamento.

A efectos de aplicación do regulamentado, considérase unidade independente de edificación ó conxunto de vivendas e/ou locais con portal común de entrada e oco común de escaleira, así como ós edificios comerciais e industriais que pertenzan a unha única persoa física o xurídica, e nos que se desenvolva unha única actividade industrial ou comercial. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña mais dun acceso, á entidade subministradora poderá decidir a conveniencia de realizar unha única conexión.

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

Os locais que están situados nas plantas inferiores da unidade independente de edificación,

ARTIGO 16.- TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE

As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos gravados con esta taxa, deberán presentar a solicitude no modelo facilitado no Concello de Arbo, achegando os seguintes documentos:

a) DNI do solicitante. No caso de actuar a través de representante, documento válido en dereito que acredite a representación e DNI do representante.
b) Identificación da referencia catastral do inmoble obxecto da prestación do servizo de abastecemento de auga.
c) No seu caso, contrato de aluguer.
d)
e) Licenza de primeira ocupación para as edificacións destinadas a uso residencial,

non se esixa licenza municipal) para os locais comerciais e industriais.

Unha vez autorizada a prestación do servizo, esta terá continuidade mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado. Unha vez declarada a baixa, esta producirá efectos no período impositivo seguinte. A non declaración expresa de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Se o peticionario non fose o propietario da finca, xuntará autorización escrita deste para a

Os dereitos de conexión, serán satisfeitos unha soa vez, e quedarán adscritos a cada unha das instalacións, vivendas, locais, etc., para os que se abonaron, aínda que cambie o propietario ou usuario da mesma. Neste suposto o novo propietario ou arrendatario deberá solicitar no Concello o cambio de titularidade no servizo de abastecemento.

ou denegar a conexión ou conexións solicitadas e, neste último caso, as causas da denegación.

formulados pola entidade subministradora, ou ben para presentar ante a mesma as alegacións que, no seu caso, estime. Transcorrido ese prazo sen cumprimentar o regulamentado, entenderase decaída a solicitude, sen máis obrigas para a entidade subministradora.

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

ARTIGO 17.- CONCESIÓN DA CONEXIÓN

A concesión da conexión para subministro de auga potable, corresponde ó Concello e estará obrigado a concedela de acordo coas normas do Regulamento, en todos aqueles

establecen seguidamente:

dispoñibles e adecuadas ás normas do presente regulamento.

Que o inmoble a abastecer dispoña de conexión para vertidos de augas residuais e pluviais de forma separada, ou teña resolto o sistema de evacuación destas.

este de fachada, existan instaladas e en servizo, conducións públicas da rede de distribución de auga potable.

Que a condución que abasteza o inmoble se atope en perfecto estado de servizo,

igualdade de réxime hidráulico corresponda a conexión a derivar.

ARTIGO 18.- DENEGACIÓN DA CONCESIÓN

O Concello poderá denegar a solicitude de conexión ou conexións ás súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

dispoñibles e adecuadas ás normas do presente regulamento.

Que o inmoble a abastecer non dispoña de conexión para vertidos de augas residuais e pluviais de forma separada, ou non teña resolto o sistema de evacuación

Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.

Que o uso para o que se solicita non este comprendido dentro deste regulamento.

solicita o enganche para a execución de obras.

7. Que algunha parte das instalación xerais que é preciso ampliar para a realización do empalme teña que discorrer por terreos privados e o solicitante non acredite a

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

ARTIGO 19.- A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONEXIÓN

Tódolos traballos de acometidas ata a chave de paso, incluída a instalación desta serán realizados polo solicitante do servizo e o seu cargo, o persoal municipal dirixiraos e inspeccionaraos, coidando que as obras feitas, pezas de toma, chaves, arquetas e demais material empregado na execución de ditas acometidas cumpran con tódalas esixencias do bo funcionamento do servizo e normas establecidas para cada caso.

A conservación destas acometidas en perfecto estado de funcionamento e as reparacións a que houbera lugar serán por conta do usuario, podendo impoñelas o Concello, previo requirimento a tal efecto logo de comprobar o estado das mesmas.

As instalacións interiores das fincas serán efectuadas por persoal alleo ó Concello, sendo

ARTIGO 20.- CONSERVACIÓN DA CONEXIÓN

persoal autorizado que realizará os traballos correspondentes a cargo do peticionario, xa sexa

ARTIGO 21.- AMPLIACIÓN DA CONEXIÓN

No caso de que unha propiedade aumentase, despois de realizada á conexión, o número de servizo ou ampliase o número de vivendas e as conexións existente foran insuficientes para unha normal satisfacción das novas necesidades, substituirase a conexión por outra máis axeitada, e os gastos serán por cargo do usuario.

ARTIGO 22.- CONEXIÓN EN DESUSO

dentro dos vinte días seguintes non lle comunica fiderignamente á entidade subministradora a

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

ARTIGO 23.- AMPLIACIÓNS DA REDE

Cando o usuario non confronte coa rede xeral deberá para a execución da conexión efectuar unha prolongación da anterior que correrá por conta do solicitante a totalidade dos gastos que se orixinen con motivo de dita ampliación, pasando a propiedade municipal ó finalizar a súa

ARTIGO 23.- URBANIZACIÓNS E UNIDADES DE EXECUCIÓN

urbanización aprobado polo Concello. Enténdense por urbanizacións e unidades de execución os terreos nos que a actuación urbanística requira a creación, modificación ou ampliación da infraestrutura viaria e de servizos, tanto se as obras se realizan para a conexión entre os distintos terreos nos que se divide a unidade coma se son para conectar o polígono con outra

2. A autorización de conexións á rede de subministración de auga para polígonos ou urbanizacións está suxeita ó cumprimento das seguintes condicións previas:

a) As redes interiores de distribución de auga deberán ser proxectadas por técnico competente e aprobadas polo Concello.

b)

baixo a dirección de técnico competente e de conformidade coas normas técnicas

c) Durante a realización das obras, ou antes da súa recepción, o Concello poderá esixirlle ó promotor ou propietario as probas e ensaios que xulgue convenientes para garantir a idoneidade da execución e o cumprimento das normas de calidade dos materiais. Estas probas e ensaios serán por conta do promotor ou propietario

O enlace das redes interiores coas exteriores que forman a rede pública de subministración e o reforzamento ou modificación destas últimas que teña a súa orixe na nova demanda creada pola urbanización ou polígono serán definidos no proxecto de urbanización e executados polo

3. Logo de que se rematen as instalacións, estas serán verificadas polo Concello; se as atopa conformes levarase a cabo a súa incorporación á rede pública.

4. A realización da conexión á rede de subministración de auga das edificacións e terreos

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

CAPITULO V
INSTALACIÓNS INTERIORES

ARTIGO 24.- INTALACIONS INTERIORES

Enténdese por instalacións interiores do servizo as existentes en cada inmoble ou terreo a partir da chave de rexistro, e que forman parte integrante del.

As instalacións interiores de subministración de auga deberán ser realizadas por un técnico autorizado e axustaranse ás normas legais de aplicación.

ARTIGO 25.- INSPECCIÓN DAS INSTALACIÓNS INTERIORES

inspección do Concello respectivo coa finalidade de comprobar se foron executadas conforme ás normas legais e técnicas aplicables.

Cando as instalacións interiores non se axusten ás normas citadas, o Concello denegará a conexión se é o caso, o Concello suspenderá a subministración de auga, e comunicaráselle ó interesado para que corrixa as deficiencias rexistradas

ARTIGO 26.- CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS INTERIORES

O usuario será responsable da conservación e mantemento das instalacións interiores do servizo e estará obrigado a amañar pola súa conta os danos e avarías que sufran.

Se o estado das instalacións interiores de subministración de auga dun inmoble ou terreo constitúe un perigo para a seguridade das persoas ou unha ameaza de dano inminente para as cousas, o Concello poderá suspender a subministración de auga de xeito inmediato, notificándollo así mesmo ó usuario.

Cando exista perigo de danos inminentes e graves para as persoas ou para as cousas derivado do estado das instalacións interiores de subministración de auga dun inmoble, o Concello poderá realizar por si mesmo as obras imprescindibles para evitalo e poderá facer repercutir no usuario responsable os gastos orixinados. O Concello está obrigado a comunicarlle a realización das obras ó usuario.

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

CAPITULO VI
CONTADORES

ARTIGO 27.- CONTROL DE CONSUMOS

A medición dos consumos que faga cada unidade de servizo e que servirán de base para a facturación de todo subministro realizarase por contador, que é o único medio que dará fe da contabilización do consumo. Cada un dos contadores irá colocado entre dúas chaves de paso, a fin de que poidan ser retirados con toda facilidade e posteriormente se poidan colocar polos empregados do servizo en caso de avaría, dispoñendo os «racords» de suxeición dos contadores dos correspondentes taladros para o seu precintado. Como norma xeral, a medición de consumos efectuarase mediante:

Contador único: cando no inmoble ou finca só exista una vivenda ou local,

Batería de contadores divisionarios: cando exista máis dunha vivenda ou local, será obrigatorio, instalar un aparato de medida para cada unha delas e os

Toda vivenda unifamiliar ou local comercial, independente de que sexa destinado a actividades industriais, ó exercicio profesional ou á prestación de calquera servizo, disporá

No caso de que unha comunidade de usuarios tivera instalados contadores individuais, a facturación levarase a cabo polos importes correspondentes a cada contador individual.

O usuario está obrigado a dispor dunha protección para que no caso dunha fuga a través do contador esta teña unha saída natural ó exterior, sen que lle poida causar danos ó inmoble

ARTIGO 28.- SITUACIÓN OU POSICIÓN DOS CONTADORES

1. Os contadores estarán situados nun lugar axeitado e accesible, preto da chave de paso, á altura do baixo e na parte de fóra do inmoble.

2. No caso de vivendas colectivas, os contadores irán nun compartimento ou caixa, en sistema de batería, no baixo do inmoble e nunha zona de uso común con acceso directo

3. A modificación da situación ou posición do contador será por conta do usuario.

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

ARTIGO 29.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS CONTADORES

O dimensionamento e fixación das características do contador ou contadores, calquera que sexa o sistema de instalación seguido, será facultade do instalador, que o realizará á vista da declaración de consumo que formule o usuario na súa solicitude de subministro, e de conformidade co establecido nas Normas Básicas para as Instalacións Interiores.

Os contadores serán sempre de modelo oficialmente homologado e debidamente verificado con resultado favorable, e deberán ser precintados polo organismo da administración que sexa responsable da verificación. As características técnicas serán adecuadas á norma

ARTIGO 30.- PROPIEDADE DO CONTADOR

O contador ou aparato de medición que se instale para medir ou controlar os consumos de auga de cada usuario serán propiedade deste, e como tal é obriga do usuario conservar e manter o contador en perfecto estado de funcionamento.

ARTIGO 31.- INSTALACIÓN DO CONTADOR

usuario quen correrá con tódolos gastos segundo a normativa técnica de aplicación vixente e o presente regulamento.

O precinto oficial colocado despois da verificación garantirá:

a)

b) Que funciona con regularidade.

Nos contadores novos de primeira instalación, reflectirase, como data de verificación, a de comprobación polo laboratorio da existencia da marca de verificación primitiva. A partires desta data contarase o tempo de vida do contador para os efectos previstos neste Regulamento.

ARTIGO 32.- MANIPULACIÓN E SUBSTITUCIÓN DO CONTADOR

Cando por reparación, renovación periódica, e/ou verificación se teña que retirar un contador

no seu lugar á instalación simultánea doutro contador ou aparato de medida, debidamente verificado, que será o que controle os consumos.

Este novo contador ou aparato de medida instalado será tamén sempre propiedade do

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

Os gastos derivados tanto das verificacións como das reparacións dos contadores ou aparatos de medida correrán a cargo do propietario.

O usuario deberá comunicar ó Concello, previamente, a conexión ou desconexión dos

O usuario ou usuarios nunca poderá manipular o contador ou aparato de medida, nin conectar tomas ou facer derivacións antes do aparato. A conexión e desconexión do contador

Os contadores ou aparatos de medida poderán desmontarse por calquera das seguintes causas:

a)

b)

c) Por renovación periódica, en función de canto ó efecto se establece neste Regulamento.

d) Por alteración do réxime de consumos, en tal medida que desborde, por exceso ou por defecto, a capacidade teórica do aparato instalado.

Cando, a xuízo da entidade subministradora, existan indicios claros de que o funcionamento do contador ou aparato de medida non é correcto, o usuario deberá proceder a desmontalo, instalando no seu lugar outro que fose verificado oficialmente.

Os consumos rexistrados polo aparato instalado en substitución do anterior, darán fe para

ARTIGO 33.- VERIFICACIÓN E CONSERVACIÓN DO CONTADOR

Será obriga do abonado a verificación e o precintado dos contadores e aparatos de medida

mantemento en perfecto estado, sendo extensible esta obriga tanto os precintos do contador como as etiquetas daquel. A responsabilidade que se derive do incumprimento desta obriga recaerá directamente sobre o abonado titular do subministro. Unha vez instalado, non poderá

Considerase conservación e mantemento de contadores, a súa vixilancia reparación e

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

A verificación e precintado será realizada nos seguintes casos:

a)

a) Por obras de reformas efectuadas polo usuario con posterioridade á instalación do contador e que dificulten a súa lectura, revisión ou facilidade de substitución.

b) Cando a instalación do contador non responda ás esixencias deste Regulamento,

CAPÍTULO VII
CONDICIÓNS DO SUBMINISTRO DE AUGA

ARTIGO 35.- CARÁCTER DO SUBMINISTRO

A efectos do establecido no presente Regulamento e na Ordenanza Fiscal reguladora da taxa correspondente en función do uso que se faga da auga, o carácter da subministración tipificarase en:

Usos domésticos en domicilios particulares

ARTIGO 36.- TIPOS DE SUBMINISTROS

1. Interprétanse os usos das seguinte maneira:

a) Usos Domésticos en domicilios particulares: Enténdese por tales, tódalas aplicacións que se dan ao auga para atender as necesidades da vida e hixiene privada, como son: a bebida, a preparación de alimentos e a limpeza persoal doméstica.

b) Usos Comerciais e industriais: Enténdese por tales, os subministros prestados a calquera clase de comercio ou industria, actividades profesionais e redes

implicitamente outra concesión para os domésticos propios do establecemento ou vivenda en que se exerza a industria ou comercio. O concesionario virá obrigado a

c) Usos de obras: Enténdese por tales os subministros efectuados aos inmobles onde se realicen obras que teñan a consideración de maiores, permanecendo suxeito á tarifa sinalada en tanto non sexa obtida a correspondente licenza de primeira ocupación, apertura ou cambio de uso e sexa solicitado o referido cambio. O prazo máximo para facer uso da auga de obra é o prazo estipulado na licenza

solicitude e concesión de prórroga para remate da mesma. Unha vez finalizada a

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

ARTIGO 37. – GARANTÍA DE PRESIÓN E CAUDAL

O concello está obrigado a prestar o servizo de subministración de auga á altura do rasante da vía pública pola que cada inmoble teña a súa conexión.

Se as condicións técnicas da subministración (presión e/ou caudal) non son suficientes para satisfacer as necesidades do usuario, este deberá realizar pola súa conta e cargo as instalacións necesarias para conseguir aquelas condicións, recorrendo a sistemas e materiais que estean homologados pola administración.

ARTIGO 38. – CONTINUIDADE DO SERVICIO

Non sendo por causa de forza maior ou avarías nas instalacións públicas, o Concello ten a obriga de manter permanentemente o servizo nas condicións sinaladas no ARTIGO anterior.

ARTIGO 39. – SUSPENSIÓNS TEMPORAIS DO SERVIZO

1. O servizo municipal de auga poderá suspender temporalmente o servizo nos seguintes casos:

a) Cando sexa imprescindible para realizar traballos de mantemento, de reparación

b) No suposto de perda das condicións de potabilidade da auga que comporte un

c) Por causas de forza maior.

2. Cando se produzan cortes previstos e programados, o Concello deberá preavisar ós usuarios, cando menos con vinte e catro horas de antelación, por medio de anuncios nun medio de comunicación ou nos lugares públicos de costume. O preaviso advertirá da duración

ARTIGO 40. – RESERVAS DE AUGA

Sen prexuízo do que dispoña a normativa específica aplicable, os usuarios que

a auga de xeito ininterrompido e inescusable para preservar a saúde pública e a seguridade das persoas e dos bens deberán dispor, previa autorización municipal,

para garanti-la continuidade das citadas actividades.

A mesma obriga lles compete ós usuarios que destinen a auga ó funcionamento de

dunha interrupción ou diminución na subministración, de xeito que deben aseguralo seu autoabastecemento cando menos durante 48 horas

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

3. O Concello non é responsable dos danos e perdas que se poidan producir como consecuencia de que os usuarios non cumpran as obrigas previstas nos dous

ARTIGO 41. – RESTRICCIÓN NA SUBMINISTRACIÓN

1. O servizo de subministración de auga corrente ten por finalidade satisfacer as necesidades da poboación, e preferentemente as derivadas dos usos domésticos. A utilización da auga para outras finalidades estará suxeita a que as necesidades de abastecemento da poboación

2. Sen prexuízo do que dispoña a normativa legal aplicable, o Concello poderá restrinxir ou suspender a subministración de auga para usos non domésticos, sen que iso comporte ningunha obriga de indemnización. Neste caso o Concello está obrigado a informar a través

CAPÍTULO VIII
CONCESIÓN DO SUBMINISTRO

ARTIGO 42.- OBXECTO E ALCANCE DO SUBMINISTRO

O subministro concederase para cada vivenda, piso, establecemento, industria ou obra que constituía unha unidade independente.

Cada subministro quedará adscrito ós fins para os que se concedeu quedando prohibido dedicalo a outros fins ou modificar o seu alcance, para o que, en calquera caso, será necesaria unha nova solicitude.

ARTIGO 43.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas fiscais ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o ARTIGO 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro,

situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, calquera que sexa o título polo que o faga.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

ARTIGO 44.- DURACIÓN DO SUBMINISTRO

O subministro concederase por tempo indefinido, salvo estipulación expresa con outro

Unha vez autorizada a prestación do servizo, esta terá continuidade mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado. Unha vez declarada a baixa, esta producirá efectos no período impositivo seguinte. A non declaración expresa de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa..

Os subministros para obras contrataranse sempre polo tempo definido que expresamente se fixe, sempre tendo en conta o prazo de execución da obra marcado pola lei e en tanto non

sexa solicitado o referido cambio.

ARTIGO 45.- CONCESIÓN DO SUBMINISTRO

Previa a concesión do subministro, o peticionario deberá presentar unha solicitude de acordo co establecido no ARTIGO 16 do presente regulamento.

Unha vez revisada a conexión pola oficina técnica, procederase a autorizar o enganche pola Xunta de Goberno Local e notificaráselle ao interesado para que proceda o pagamento da correspondente taxa de enganche.

O Concello determinara ás formas e materiais a empregar para a conexión do subministro.

A taxa polos dereitos de conexión a rede de subministro de auga, será liquidada polo concello e notificada o suxeito pasivo, concedéndolle, para o seu ingreso o prazo estipulado

ordenanza fiscal vixente, en base ao Padrón Municipal desta taxa, e as lecturas realizadas. A recadación atópase delegada no Organismo Autónomo da Deputación Provincial de Pontevedra (ORAL), e realizarase conforme a Lei xeral tributaria, e as disposicións que a

A base impoñible virá determinada, para cada unha das cotas, en razón do feito impoñible e o seu modo de medición ou valoración, segundo o establecido na ordenanza fiscal.

A determinación de dita base impoñible verifícase pola dispoñibilidade e utilización do servizo, e en función da cantidade de auga empregada ou consumida, expresada en metros

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

ARTIGO 46.- TRASLADO OU CAMBIO DE USUARIOS

O traslado de domicilio e a ocupación do mesmo local por persoa distinta da que subscribiu o contrato, esixe novo acordo de concesión de subministro, ou no seu caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran os requisitos establecidos neste Regulamento.

CAPÍTULO IX
LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓNS

ARTIGO 47.- PERIODICIDADE DAS LECTURAS

A entidade subministradora está obrigada a establecer un sistema de toma de lecturas permanente e periódico, de forma que, para cada usuario os ciclos de lectura conteñan, no

A efectos de facturación dos consumos, a frecuencia máxima coa que a entidade de subministro tomará as lecturas será a establecida na ordenanza fiscal vixente.

ARTIGO 48.- LECTURAS

A toma de lectura será realizada .polo persoal autorizado expresamente pola Concello,

ARTIGO 49.- DETERMINACIÓN DE CONSUMOS

Como norma xeral, a determinación dos consumos será a regulada na ordenanza fiscal

ARTIGO 50.- COTA TRIBUTARIA POR CONSUMO

A cota tributaria por consumo será a regulada na ordenanza fiscal vixente.

2-TAXA ADICIONAL POR EXCESO DE CONSUMO:

A cota tributaria por exceso de consumo será a regulada na ordenanza fiscal vixente.

Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia

a lectura ou por causas imputables a entidade subministradora, a facturación do consumo efectuarase de acordo co establecido por ordenanza regulamentaria de taxa por subministro de auga.

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

Se un usuario xulga que o volume de auga realmente consumido non se corresponde co

ARTIGO 51.- OBXECTO E PERIODICIDADE DA FACTURACIÓN.

O obxecto e a periodicidade da facturación será regulada na ordenanza fiscal vixente.

ARTIGO 52.- CORRECCIÓN DE ERROS NA FACTURACIÓN.

Nos casos en que por erro a entidade subministradora facturase cantidades inferiores ás debidas, o pago da diferenza realizarase na factura seguinte.

CAPÍTULO X
SUSPENSIÓN DO SUBMINISTRO

ARTIGO 53.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN DO SUBMINISTRO

A entidade subministradora de auga poderá, sen prexuízo do exercicio das accións de orde

usuarios nos casos seguintes:

a) En tódolos casos nos que ó usuario faga uso da auga que se lle subministrou en forma ou para usos distintos dos contratados. No caso de que o usuario empregue a auga para regar as hortas, cultivos ou zonas verdes en terreos anexos á vivenda habitual.

b) Cando o usuario estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para o subministro de auga a outras fincas, locais ou vivendas diferentes ós consignados no seu contrato de subministro.

c) Cando polo persoal do concello se atopen derivacións nas súas redes con consumo de auga sen contrato algún, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso poderá a entidade subministradora efectuar o corte inmediato do subministro de auga en tales derivacións.

d) Cando o usuario non lle permita a entrada no local ó que lle afecta o subministro contratado, en horas hábiles o de normal relación co exterior, ó persoal que,

f) Cando nos subministros nos que o uso da auga a disposición das instalación interiores, puidera afectar a potabilidade da auga na rede de distribución, ata que, polos usuarios se tomen as medidas oportunas co fin de evitar tales situacións; en

g) Pola negativa do usuario a modifica-lo rexistro ou arqueta do contador, e incluso a súa instalación interior, cando fose preciso para substituír o contador por calquera das causas que autoriza este Regulamento.

h) Cando o usuario mesture augas de outra procedencia.

i) Cando durante dúas lecturas, persista a imposibilidade de tomar a lectura dentro do réxime normal establecido ó efecto, por causas imputables ó usuario, a entidade

usuario acceda a modificar, ó seu cargo e pola súa conta, a instalación do equipo de medida, de forma que non dificulte o acceso ó mesmo para poder tomar a

j) Por neglixencia do usuario respecto da reparación de avarías nas súas instalacións se, unha vez notificado por escrito transcorrese un prazo superior a sete días sen que a avaría fose amañada.

ARTIGO 54.- PROCEDEMENTO DE SUSPENSIÓN

A notificación do corte da subministración, incluirá, como mínimo, os seguintes puntos:

Nome e dirección do usuario.

Identificación da finca abastecida.

Dirección, teléfono e horario da entidade subministradora na que poden

Á reconexión do subministro farase polo usuario tendo que realizar o procedemento de solicitude establecido no ARTIGO 16 do presente regulamento e pagando a taxa correspondente por enganche no subministro.

ARTIGO 55.- EXTINCIÓN DO SUBMINISTRO

O subministro de auga extinguirase, sen prexuízo da execución ou non das accións de suspensión de subministración especificadas no ARTIGO anterior deste Regulamento, por calquera das causas seguintes:

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

entenderá inescusablemente subrogado nas responsabilidades asumidas polo

De oficio polo Concello cando concorran as causa numeradas no ARTIGO 53 do presente regulamento.

CAPÍTULO XI
FRAUDES NO SUBMINISTRO DE AUGA

ARTIGO 56.- TIPOS DE FRAUDE.

A entidade subministradora considerará como fraude as seguintes situacións:

a)
de auga.

b)

c)

d) Que se utilice a auga para usos distintos dos contratados, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa a aplicar.

ARTIGO 57.- INSPECCIÓN

Cando o servizo municipal de auga teña coñecemento da realización dunha infracción fraudulenta por parte do usuario, requiriralle por escrito que a corrixa no prazo mínimo de tres días e máximo de dez días advertiralle que de transcorre-lo devandito prazo sen que o fixese suspenderá a subministración da auga

ARTIGO 58.- ACTUACIÓN POR ANOMALÍA

O Concello, tendo en conta a información, requiriralle ó propietario da instalación para que corrixa as deficiencias observadas, co apercibimento de que se non se leva adiante no prazo do 72 horas, aplicarase polo procedemento de suspensión do subministro que corresponda.

Cando polo persoal do Concello se atopen derivacións na súas redes con utilización da subministración sen ningún convenio, é dicir, realizadas clandestinamente, as devanditas entidades poderán efectuar o corte inmediato do subministro, en tales derivacións.

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

Se ó ir a realizar o persoal facultativo a comprobación dunha denuncia por fraude se lle negara a entrada no domicilio dun usuario, poderase suspender a subministración

ARTIGO 59.- INFRACCIÓNS DOS USUARIOS

Na prestación dos servizos de auga potable as infraccións cometidas por usuarios ou terceiros clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Infraccións moi graves:

Débeda en mora por un período superior a dous meses.

Non efectuar as reparacións ou modificacións indicadas polo servizo municipal de auga do Concello na rede interna do usuario, que signifiquen derroche de auga e eventual dano a propiedades aledañas.

Interferir a prestación dos servizos de auga potable, causando prexuízos a outros

Introducir modificacións fraudulentas nas conexións de auga potable ou nos

Interconectar redes privadas co sistema público de abastecemento de auga.

Facer conexións directamente desde tuberías de bombeo, liñas de condución ou liñas que interconecten unidades do sistema.

Cometer calquera acto que dane as tuberías ou equipos do sistema de auga

Conectar equipos de bombeo ou mecanismos que succionen a auga directamente

Infraccións graves:

Impedir o acceso ó inmoble do servizo municipal de auga para a lectura dos medidores, a inspección das instalacións ou o exercicio da calquera das función propias do seu cargo.

Retirar ou danar os selos de seguridade dos medidores.

Non pagar a conexión de auga potable.

Efectuar conexións a rede pública de auga potable, mediante instalacións arbitrarias, sen coñecemento nin autorización do servizo municipal de auga.

Interconectar as instalacións contra incendio coas conexións de auga potable.

Cortar ou interromper o servizo de auga potable dun terceiro.

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

Infraccións leves:

Efectuar a reposición dun servizo suspendido para o que non se houbera ordenado o seu restablecemento, aínda cando se houberen feito os pagos pendentes.

Efectuar conexións que descarguen augas pluviais na rede de sumidoiros sanitario

Calquera acción ou omisión prohibida por este Regulamento e non cualificada coa moi grave ou grave.

ARTIGO 60.- SANCIÓNS

As infraccións moi graves poderán ser sancionadas con multa de 900 a 1800 euros.

As infraccións graves con multa de 300 a 900 euros.

As infraccións leves con multa de ata 300 euros.

ARTIGO 61.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

conformidade co que dispón a Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e a súa normativa complementaria, nomeadamente o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

CAPÍTULO XII
RECLAMACIÓNS E INFRACCIÓNS

ARTIGO 62.- TRAMITACIÓN

Sen prexuízo do disposto nos ARTIGOs deste Regulamento, as reclamacións dos usuarios, tramitaranse conforme ó establecido na normativa pola que se regulan as follas de queixas e reclamacións dos consumidores e usuarios en Galicia.

As reclamacións non paralizarán o pago das facturacións ou liquidacións obxecto destas; non obstante, cando a reclamación se plantexe por desconformidade coa contía facturada polo servizo, o usuario terá dereito a que non se lle cobre o exceso sobre a facturación inmediatamente anterior. Unha vez resolta a reclamación, en base á cantidade satisfeita polo

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ

ARTIGO 63.- NORMA REGULADORA

Os procedementos tramitados para o coñecemento dos feitos constitutivos de infracción neste Regulamento, serán os establecidos na Lei de Procedemento Administrativo e, no seu caso, na Lei de Réxime Local e nos seus Regulamentos.

ARTIGO 64.- ARBITRAXE

As partes poderán acollerse ó Sistema de Mediación e arbitraxe do Consello Galego de Consumo, conforme ó establecido na Lei de Consumidores e Usuario s de Galicia.

DISPOSICÓN ADICIONAL ÚNICA

Os usuarios que teñan instalacións que non se adecúen a este regulamento deberán

normas recollidas no regulamento. Transcorrido este prazo iniciarase a revisión do parque de

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

Dende a entrada en vigor deste regulamento concédese un prazo de dous meses para solicitar a alta no servizo a todos aqueles usuarios que estean disfrutando do servizo de abastecemento de auga sen a pertinente autorización ou contrato.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os ARTIGOs 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co ARTIGO 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Arbo, a 23.02.16.—O Alcalde, Horacio Gil Expósito.

Código seguro de verificación: NEBQKBZC27UMTZDJ